

Información sobre o final de curso

Curso 2022/23

ACTIVIDADE LECTIVA

A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 12 de maio, inclusive.

O período comprendido entre o 15 de maio e o 10 de xuño dedicarase preferentemente á preparación das probas extraordinarias e as actividades de reforzo, ampliación, recuperación e titorización do alumnado. Os horarios de cada actividade publicaranse na web do centro na semana do 8 ao 12 de maio.

Recórdase que o 17 e 18 de maio son días non lectivos no centro.

DATAS DE AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN FINAL ADIANTADA

8 de maio: avaliación final adiantada para todo o alumnado de 6º GRAO PROFESIONAL e para o alumnado de calquera outro curso que o solicite por estar cursando 2º BACHARELATO¹ e ter materias pendentes de validación no instituto.

9 de maio: publicación das cualificacións finais do alumnado avaliada de xeito adiantado (todo 6ºGP e 2ºBAC que o solicite).

- AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

15 e 16 de maio: avaliación final ordinaria.

19 de maio: publicación das cualificacións finais. Publicaranse en centrosnet ás 12 horas e pola tarde os titores/as farán entrega dos boletíns (en papel) no horario que se publicará na web do centro para tal fin. Tamén se poderán revisar as probas escritas e realizar consultas ao profesorado das diferentes materias.

¹ O prazo de solicitude de avaliación adiantada para o alumnado que estea a cursar 2º BACHARELATO remata o 21/4/23.

- AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA

16, 19 e 20 de xuño: realización das probas da avaliación extraordinaria para o alumnado con materias pendentes, nos horarios que se publiquen previamente na web do centro.

22 de xuño: publicación das cualificacións finais da convocatoria extraordinaria.

PROBAS DE ACCESO

As datas e prazos de inscrición e realización para cada unha das probas de acceso, xunto con unha guía coa información máis relevante, están publicadas na web do centro.

Enlace: www.conservatoriosantiago.gal/acceso

MATRÍCULA PARA O VINDEIRO CURSO

Para o alumnado sen materias pendentes o prazo de matrícula para o curso 2023-24 será do 6 ao 19 de xuño.

Para o alumnado con materias pendentes e para o alumnado de novo acceso o prazo de matrícula será do 29 de xuño ao 10 de xullo.